

IES Pino Manso

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS/ AO CONSELLO ESCOLAR 2022 CONVOCATORIA

De conformidade coa *Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro de 2022)*, a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 pais/nais ou títolos legais.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os títolos/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día 17 de novembro de 2022.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os títolos/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas desde o día 11 ata as 14.00 horas do día 18 de novembro de 2022.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 21 de novembro ás 10.25 horas. Dita mesa electoral estará composta pola directora do centro, que actuará como presidenta e catro pais/nais ou títolos/as legais, actuando como secretario/a o de menor idade.
- 5.-A campaña electoral comprenderá dende o 21 ao 25 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 28 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.-Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou títolos/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.
- 7.-As votacións realizaranse neste IES o día 29 de novembro, de 9.00 a 11.00, de 13.00 a 14.00 e de 16.45 a 18.00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9.00 horas.
- 8.-Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un nome da lista de candidato/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 9.-Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é caso, o titor/a legal do alumnado.
- 10.-Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
- 11.-A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O Porriño, 10 de novembro de 2022


A presidenta da Xunta Electoral
Rosa M^a. Fernández Calvo